

NORMATIVA DO REPOSITORIO DA USC

(Aprobada no Consello de Goberno da USC do día 22 de Decembro de 2011)

I.- A *Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación* incorpora un conxunto de medidas novidosas que perseguen situar a lexislación española na vangarda internacional en materia de ciencia e tecnoloxía e innovación.

Entre estas medidas para unha «Ciencia do século XXI» destacan o compromiso coa difusión universal do coñecemento, mediante o posicionamento a prol das políticas de acceso aberto á información científica coa previsión que se establece sobre publicación en acceso aberto, que dispón que todos os investigadores cuxa actividade sexa financiada maioritariamente cos Orzamentos Xerais do Estado están obrigados a publicar en acceso aberto unha versión electrónica dos contidos aceptados para publicación en publicacións de investigación.

Para o seu desenvolvemento, encoméndase aos axentes do Sistema de Investigación o establecemento de repositorios institucionais de acceso aberto. Así no artigo 37 sinalase que «Os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación impulsarán o desenvolvemento de repositorios, propios ou compartidos, de acceso aberto ás publicacións do seu persoal de investigación, e establecerán sistemas que permitan conectalos con iniciativas similares de ámbito nacional e internacional». Tamén se indica que «o persoal de investigación cuxa actividade investigadora estea financiada maioritariamente con fondos dos orzamentos xerais do Estado fará pública unha versión dixital da versión final dos contidos que lle foron aceptados para publicación en publicacións de investigación seriadas ou periódicas, tan axiña como resulte posible, pero non máis tarde de doce meses logo da data oficial de publicación. [...] A versión electrónica farase pública en repositorios de acceso aberto recoñecidos no campo de coñecemento no que se desenvolveu a investigación, ou en repositorios institucionais de acceso aberto». O propio artigo 37 establece tamén as excepcións a esta difusión en acceso aberto nos casos en que existan acordos en virtude dos cales se puideran ter atribuído ou transferido a terceiros os dereitos sobre as publicacións, e non será de aplicación cando os dereitos sobre os resultados da actividade de investigación, desenvolvemento e innovación sexan susceptibles de protección.

II.- Pola súa banda, a *Lei 2/2011, de 4 de marzo, de Economía Sostible* establece no seu artigo 54 que os dereitos de explotación relativos á propiedade intelectual corresponderán ás entidades nas que o autor desenvolva a súa prestación de servizos.

III.- Tamén o Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, sinala no seu artigo 14 que «unha vez aprobada a tese de doutoramento, a universidade ocuparse do seu arquivo en formato electrónico aberto nun repositorio institucional e remitirá, en formato electrónico, un exemplar da mesma así como toda a información complementaria que fose necesaria ao Ministerio de Educación aos efectos oportunos». E establece, ademais, que «En circunstancias excepcionais determinadas pola comisión académica do programa, como poden ser, entre outras, a participación de empresas no programa ou Escola, a existencia de convenios de confidencialidade con empresas ou a posibilidade de xeración de patentes que recaian sobre o contido da tese, as universidades habilitarán procedementos para desenvolver os apartados 4 e 5 anteriores que aseguren a non publicidade destes aspectos».

IV.- Actualmente a Comisión Europea tende cara a políticas de acceso aberto que teñen por obxecto garantir que os resultados da investigación financiada polos cidadáns da UE estean ao dispor da poboación de xeito gratuíto, xa que o acceso aberto é considerado unha fórmula para mellorar o retorno en investigación e desenvolvemento (I + D). Así, en decembro de 2007, o Consello Científico do CEI publicou as súas directrices sobre o libre acceso, como seguimento da Declaración de 2006 sobre o acceso aberto. En agosto de 2008, a Comisión Europea puxo en marcha o piloto de libre acceso no sétimo programa marco (7PM) que se estenderá ata o remate do citado programa marco. Estas iniciativas requiren que os

investigadores ofrezan en acceso aberto nos repositorios institucionais os seus artigos resultantes da investigación financiada pola UE, dentro dun período de tempo especificado.

V.- A Declaración de Berlín sobre acceso aberto do ano 2003 foi asinada pola USC no ano 2006 e compromete igualmente á USC á difusión dos contidos de investigación en acceso aberto.

Por todo o anterior o Consello de Goberno do día 22 de Decembro de 2011 acordou aprobar a seguinte **Normativa sobre o Repositorio Institucional da USC**:

Artigo 1.- Política de publicación científica

A Universidade de Santiago de Compostela (USC) tenderá á publicación da súa actividade científica en acceso aberto. Para estes efectos a USC achegará os medios humanos e materiais e facilitará que a acreditación dos méritos se realice por este sistema. Como criterio xeral, tenderase a que, dentro do dominio USC os arquivos estean depositados nun único aloxamento, sen prexuízo dos enlaces que correspondan.

Artigo 2.- Creación do repositorio

Créase coa denominación de *Minerva, Repositorio Institucional da USC*, que se rexerá polas normas contidas nesta normativa. A difusión de traballos de investigación en acceso aberto do persoal docente e do persoal investigador da USC, sexa cal sexa a súa vinculación xurídica, deberá realizarse conforme o procedemento establecido na presente normativa. Minerva poderá incluír calquera outro contido, que pola súa natureza a USC determine é de interese e debe ser difundido a través desta canle, sempre que cumpra cos criterios que se recollen nesta normativa.

Minerva albergará material científico e de difusión, e institucional:

- Producido ou financiado pola USC.
- De persoal docente e investigador da Universidade de Santiago ou de persoal que desenvolva actividades na USC de forma temporal, e de persoal emérito ou xubilado.
- Sempre que o material estea en formato dixital.
- Que non sexa material efémero.
- Completo para o seu arquivo e distribución.

Artigo 3.- Responsables do repositorio

Créase a Comisión do Repositorio Institucional da USC presidida polo/a Vicerreitor/a de Investigación ou persoa na que delegue e formada por un máximo de cinco vogais, dos que un actuará como secretario. Na Comisión estará representada a dirección da Biblioteca Universitaria, a dirección do Servizo de Publicacións, a dirección da Área TIC, a dirección do Arquivo Histórico Universitario e a dirección do Centro de Tecnoloxías da Aprendizaxe, ou, en previsión de futuras modificacións orgánicas da estrutura da USC, as direccións das unidades que eventualmente correspondan..

A Comisión ten encomendada a posta en marcha do repositorio, o seu desenvolvemento, definición e modificación da estrutura de contidos, arquivo e resolución de incidencias, proposta de medidas de fomento, visibilización, fluxo de difusión e calquera incidencia do repositorio. A Comisión de Repositorio reunirse periodicamente ou, cando por razóns especiais, sexa convocada polo seu presidente.

Ademais, existirá un coordinador do repositorio, dependente da Biblioteca ou, en previsión de futuras modificacións orgánicas, da unidade que eventualmente corresponda, e que asistirá ás reunións da comisión con voz pero sen voto. As súas funcións serán, cando menos, definir e revisar criterios no ámbito dos metadatos, implementar a estrutura do repositorio, revisar a admisión de contidos en base ao artigo 5, e en xeral asesorar e supervisar

o cumprimento dos criterios establecidos e aquelas outras funcións que a Comisión lle encomende.

A administración informática do repositorio será xestionada pola Área TIC.

Na medida en que se desenvolva o repositorio, a Comisión poderá designar administradores coas funcións que se determinen.

A Comisión poderá igualmente designar asesores e facilitadores para a xestión do repositorio.

Artigo 4.- Estrutura

Minerva estruturarase por comunidades e, no seu caso, por subcomunidades. Inicialmente a estrutura básica de comunidades será a seguinte:

- Biblioteca Universitaria da USC (BUSC).
- I+D+i.
- Docencia e innovación educativa.
- Arquivo Histórico Universitario da USC (AHUS).
- Institucional.

A Vicerreitoría de Investigación e Innovación, a proposta da Comisión do Repositorio, poderá modificar e adaptar esta estrutura en función das necesidades da USC.

Artigo 5.- Condicións e criterios de depósito de contidos

Os contidos que se depositen en Minerva deberán cumprir os criterios de calidade que se determinen, e en todo caso cumprir cos seguintes requisitos:

- Que a titularidade sexa da universidade ou que exista consentimento do titular ou titulares para a súa difusión.
- Que os contidos sexan orixinais dos autores.
- Que os contidos sexan de natureza exclusivamente académica, docente ou científica.
- Que non sexan ofensivos ou atentatorios contra a dignidade das persoas.
- Que non vulneren a Constitución ou o ordenamento xurídico.

O autor ou autores responderán, en calquera caso, de que os contidos depositados son orixinais e sobre eles non existen contraídos gravames nin compromisos que vulneren os dereitos de autor.

A coordinación de Minerva, tanto a través do seu coordinador como a través da súa comisión, proporcionará aos autores medios técnicos e asesoramento relativos á información e xestión dos dereitos de contidos non editados pola Universidade de Santiago de Compostela.

Pola súa parte, Minerva garantirá a integridade dos arquivos depositados sen modificacións de ningunha clase, agás as que poidan vir derivadas das condicións técnicas do depósito de cara a asegurar as mellores condicións de acceso, preservación e seguridade.

O procedemento de depósito en Minerva é o que figura en anexo e poderá ser modificado pola Vicerreitoría de Investigación e Innovación a proposta da Comisión do Repositorio.

Artigo 6.- Licenzas

Aos arquivos difundidos en Minerva, nos que os dereitos de explotación correspondan á USC, aplicaráselles ordinariamente a licenza *Creative Commons* do tipo de "*Recoñecemento-Non comercial-Compartir igual*", agás os casos que se determinen pola Comisión do Repositorio.

Cando un autor deposite en Minerva algún contido que non sexa de titularidade da USC, concederá a esta unha licenza non exclusiva, en virtude da cal distribúe e preserva o contido depositado, sen prexuízo doutros eventuais depósitos noutros repositorios, difusión e publicacións do mesmo contido por parte do autor.

Art. 7. Protección dos dereitos

A todos os arquivos depositados en Minerva seralles de aplicación a lexislación xeral española. Cando a titularidade dos dereitos corresponda á USC, os arquivos levarán, sempre que sexa posible, unha marca de auga dixital indicativa.

Artigo 8.- Formato e preservación dos arquivos

Os arquivos depositados en Minerva editaranse preferentemente nun formato que garanta a accesibilidade e a integridade coas proteccións que se consideren. Nos arquivos deberá figurar a titularidade do autor/es e o titular dos dereitos de explotación, así como a licenza ou licenzas baixo as que se pode utilizar.

Minerva poderá conservar máis dunha copia dos arquivos depositados e, sen alterar o seu contido, convertelos a calquera formato ou soporte para propósitos de acceso, preservación e seguridade. Neste senso, a USC desenvolverá plans de preservación dixital para evitar a obsolescencia dos materiais.

Artigo 9.- Impedimento para a difusión

No caso de existiren acordos de confidencialidade, titularidade compartida con outras Administracións ou empresas, ou nos casos en que se poda dar lugar a xeración de patentes ou doutros dereitos de propiedade industrial ou propiedade intelectual que deba ser protexida, non se procederá á súa difusión ata que se produza a efectiva protección ou clarificación dos dereitos. O persoal docente e investigador e os investigadores deberán comunicar esta circunstancia e colaborar na protección dos resultados.

Artigo 10.- Retirada de arquivos

A Secretaría Xeral, por denuncia ou de oficio, poderá acordar a retirada de Minerva daqueles arquivos que non sexan orixinais ou supoñan calquera vulneración do ordenamento xurídico. Contra esta resolución os autores poderán presentar impugnación ante o Reitor.

Artigo 11.- Teses de doutoramento

Unha vez defendida a tese e conforme as instrucións que se diten, os doutores deberán presentar no Centro de Posgrao o arquivo en formato electrónico da súa tese. O doutor deberá así mesmo asinar o correspondente documento para a publicación da tese e un documento, co visto e praxe do director, no que declare que a súa tese non está, en todo ou en parte, suxeita a restricións, tales como co-titularidade cos membros do equipo de investigación, dereitos de propiedade industrial ou cláusulas de confidencialidade con empresas.

Artigo 12.- Traballos de fin de máster, fin de grao ou fin de carreira e outros traballos de investigación.

As Comisións académicas poderán realizar a proposta dos traballos de Fin de Grao ou Máster que, pola súa calidade poidan ser susceptibles para ser publicadas, e en especial propoñerose os dos alumnos que acaden a matrícula de honra nesta materia.

Os autores dos traballos propostos, co visto e praxe do titor, deberán asinar o correspondente documento para autorizar a súa difusión en Minerva, e no que declaren que se trata dun traballo orixinal e que non está, en todo ou en parte, suxeito a restricións, tales como co-titularidade, dereitos de propiedade industrial ou cláusulas de confidencialidade con empresas.

No caso de memorias de licenciatura ou doutros traballos de investigación que sexan materias imputables a un plan de estudos, poderá propoñerose polo Director, en función da súa calidade, que se proceda a súa difusión en Minerva, debéndose asinar o documento establecido neste artigo.

Artigo 13.- Responsabilidade dos contidos

Os autores son responsables da calidade e dos contidos dos seus traballos. A USC non se fai responsable dos contidos nin das opinións difundidas polos seus autores.

Artigo 14.-Acreditación

A Secretaria Xeral da USC é o órgano competente para expedir as certificacións que acrediten o depósito efectivo de arquivos en Minerva, previo informe do coordinador do repositorio.

Artigo 15.- Visibilidade e interconexión

A USC potenciará a visibilidade de Minerva incorporando os arquivos aos buscadores académicos e recolectores e fomentará acordos para a interconexión con outros repositorios e con outras iniciativas de interconexión de ámbito nacional e internacional. Para estes efectos, poderán incorporarse descritores en varios idiomas.

A USC comprométese igualmente a seguir as normativas e os criterios internacionais para repositorios.

Disposición Final.- O presente acordo entrará en vigor na data de aprobación polo Consello de Goberno.

ANEXO

PROCEDEMENTO DE DEPÓSITO

PDI e investigadores

1. O PDI e o persoal investigador, coas súas credenciais da USC, accederá á súa páxina persoal do repositorio, previa solicitude remitida ao coordinador do repositorio de acordo ao modelo que se publicará a tal efecto.
2. Unha vez seleccione a comunidade ou, de ser o caso, subcomidade que considere mais axeitada á natureza e contido do traballo, procederá ao depósito tanto dos arquivos en si coma dunha proposta de metadatos. Xa depositados, os arquivos quedarán pendentes de difusión en aberto.
3. O coordinador do repositorio, ou os responsables que para tal efecto estableza a Comisión de Repositorio, revisarán o correcto depósito dos arquivos, dos seus metadatos, a axeitada clasificación do traballo na comunidade elixida, e revisarán a admision de contidos en base ao artigo 5,. Unha vez revisados estes aspectos, procederase á difusión en aberto dos arquivos.

Teses de doutoramento

1. O/a doutor/a entregará no Centro de Posgrao a tese en formato electrónico e demais documentación, consonte o sinalado na presente normativa.
2. O Centro de Posgrao revisará toda a documentación entregada e dará traslado da mesma ao Servizo de Publicacións.
3. O Servizo de Publicacións incorporará a tese na comunidade correspondente do repositorio, incluíndo tanto o arquivo en si coma os metadatos. A tese quedará nese momento publicada en aberto.

Traballos de fin de máster, fin de grao, fin de carreira e outros

1. A comisión académica realizará a proposta de inclusión do traballo no repositorio e a remitirá á Secretaría do seu centro.
2. Pola súa parte, os autores dos traballos propostos pola comisión entregarán na Secretaría do seu centro o traballo en formato electrónico e demais documentación conforme o sinalado na presente normativa.
3. Completada a documentación, o traballo en formato electrónico será remitido ao persoal da biblioteca do centro que procederá ao seu depósito en Minerva.

Outros depósitos

1. Fóra dos casos anteriormente descritos, poderá acordarse a inclusión dun traballo no repositorio, sempre que cumpra cos criterios desta normativa.
2. As propostas dirixiranse ao presidente da Comisión do Repositorio. A Comisión determinará a aceptación da inclusión do traballo ou traballos propostos.
3. En caso de aceptación, o coordinador do repositorio tramitará o seu depósito segundo corresponda.